

# Proxecto-edición

Publicación Retal, Despregable  
 Asesinatos Morales  
 Editorial Polaquia, ALG-A, EditaT  
 Librería Formatos  
 Ediciones espontáneas  
 Amastra-n-gallar  
 As + perralheiras  
 DXI Magazine, La Más Bella  
 Belleza Infinita, La Lata, AAAAA  
 La Pluma Eléctri\*k  
 Nolens Volens  
 Fundació 30 km/s edicions  
 El Gaviero Ediciones  
 Arrebato Libros, Monográfico  
 Revista Biblia, Atlas Projectos  
 Rui Gato, A Mula  
 Stirato, Muf, Shift  
 Álbum del universo bacterial  
 Eloísa Cartonera, Ramona  
 viAjo, Proyecto VOX  
 Perro Pila del Jujuy  
 Ediciones Trashumantes  
 Le Chanelas, Les Cocons  
 Xogo Descuberto  
 Ediciones Transhumantes

3, 4 e 5 de abril 2008

Pazo da Cultura de Pontevedra

## encontro-feira

un espazo para a edición creativa

Esta segunda edición do encontro-feira celébrase no espazo expositivo do Pazo da Cultura, ocupado por creativos que dalgún xeito traballan no campo da edición. Libros de artistas, edicións sonoras, banda deseñada, libro-obxectos, proxectos excepcionais que saen dos talleres dos propios artistas para instalarse no pazo da cultura, como un inmenso *work in progress*. Belleza Infinita, Nolens Volens, Atlas Projectos, Eloísa Cartonera, Shift, EditaT, Polaquia, A Mula, La Mas Bella, La Lata ou AAAAA serán algúns dos proxectos que se poderán ver, tocar e comprar na feira. Tamén haberá encontros non casuais, talleres, recitais, música... apto para todos os públicos

[www.proxecto-edicion.net](http://www.proxecto-edicion.net)

# PARA TODOS OS PÚBLICOS

Proxecto-edición  
proxecto-edición

XOVES 3\_ 20.30 h  
concerto de **IGLOO** (Galicia)

VENRES 4\_ 20.30 h  
Xira poética 2008 (Arrebato Libros\_Madrid)  
**No es divertido ser libre si estás solo**  
Un corazón con pelos de Peru Saizprez  
Micropoemas 2 de Ajo  
Palabra material de Gonzalo Escarpa

## Discursos sin norma

Colección de revistas Experimentais de Antonio Gómez

[11 a 14 h e de 16 a 19 h]

### VENRES 4\_ Taller de edición alternativa

co editor arxentino **Gustavo Darío**

dirixido a maiores de 18 anos, pretende redefinir e analizar a función do libro de impresión tradicional na era dixital.

### SÁBADO 5\_ Taller infantil de banda deseñada

co colectivo portugués **A Mula** Este taller, dirixido a rapaces e rapazas de 11 a 17 anos, basearase na creación dun conxunto de deseños, que máis tarde se reunirán nun fanzine

Laboratorio sonoro con  
Rui Gato (Lisboa) e Alg-a (Vigo)

Organiza:

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural

CGAC  
CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

MARCO  
FUNDACIÓN LUIS SEOANE

Colaboran:

CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

Pazo da Cultura de  
PONTEVEDRA  
Concello de Pontevedra

IC  
INSTITUTO  
CAMÕES  
PORTUGAL

# Encontros non casuais

Espazo para coñecer os diferentes proxectos e dialogar con eles

## XOVES 3

12.00-13.00 h

**Despregable** (Vilagarcía). Fanzine de carácter cultural multidisciplinar, centrado principalmente na creación galega, o obxectivo do cal é dar cobertura a aqueles creadores dos que non se ocupan os medios de comunicación habituais. [www.embaixadaprusiana.blogspot.com](http://www.embaixadaprusiana.blogspot.com)

**Revista Biblia** (Lisboa). Espazo de experimentación nas tendencias contemporáneas das artes visuais e da literatura. Caracterízase por abranguer grande número de áreas artísticas, como a ilustración, deseño, fotografía, pintura, cómics, prosa, conto e poesía. [www.myspace.com/revista\\_biblia](http://www.myspace.com/revista_biblia)

**La Pluma Eléctri\*k** (Madrid). Proxecto artístico-literario que fabrica libros-arte, con portadas únicas e irrepetibles. Cada libro é unha pequena obra de arte que contén algún dos nove relatos publicados ata agora. [www.laplumaelectrik.blogspot.com](http://www.laplumaelectrik.blogspot.com)  
[www.myspace.com/laplumaelectrik](http://www.myspace.com/laplumaelectrik)

**Asesinatos Morales** (O Porriño). Historia mediática sobre un confuso caso de "asesinatos morais" (entre a desinformación mediática e a prensa rosa) aínda non resoltos, que se desenvolven a través do xornal imaxinario "El tema". [www.usuarios.lycos.es/moralmurder](http://www.usuarios.lycos.es/moralmurder)

13.00-14.00 h

**Atlas Projectos** (Lisboa). Plataforma para a presentación de traballos de carácter especulativo, autorial e experimental, creando novas estratexias de acción e difusión. <http://www.atlasprojectos.net>

**Belleza Infinita** (Vizkaia) é unha asociación cultural os fins da cal son a produción, difusión e promoción de proxectos que reflexionen sobre o belo, a creación e a experiencia estéticas, entendendo a estética no seu sentido máis amplo, é dicir, como un asunto que afecta a calquera persoa. [www.bellezainfinita.org](http://www.bellezainfinita.org)

**Nolens Volens** (Madrid). Revista creada polo colectivo Democracia centrada na edición de proxectos de arte actual. O obxectivo é articular a produción artística dentro dun marco teórico que trate temas controvertidos relativos á práctica. [www.democracia.com.es](http://www.democracia.com.es)

**EditaT** (Vigo). Proxecto de divulgación cultural nacido en 2005 co obxectivo de levar a cabo actividades no campo da edición e a experimentación narrativa, poética, visual e arte na rede. [www.edita-t.com](http://www.edita-t.com)

16.00-17.30 h

**Gustavo Darío**, a edición alternativa en Arxentina  
Director e editor da revista-obxecto VOX, e do proxecto editorial VOX (Bahía Blanca, Arxentina). Proxecto de autoxestión promovido por escritores e artistas da cidade de Bahía Blanca, que realizan diferentes accións culturais e encontros co propósito de promover as actividades artísticas contemporáneas. Dende o 2002 forma parte de TRAMA, a rede de iniciativas de artistas de Arxentina [www.proyectotrama.org](http://www.proyectotrama.org)

Presentará ademais outros proxectos arxentinos:

**Eloisa Cartonera** (Bos Aires, Arxentina). Proxecto artístico, social e comunitario. Esta editorial crea libros con tapas de cartón comprado a "cartoneros" na vía pública, pintados a man por rapaces e rapazas do barrio da Boca, publican textos de escritores e poetas, un xeito de facer chegar a literatura a todos os barrios de Bos Aires. [www.eloisacartonera.com.ar](http://www.eloisacartonera.com.ar)

**viAjo, casa rodante** (Medanos, Arxentina). Grupo aberto, dinámico e vinculante, de artistas e cidadáns, que traballan no campo sociocultural de xeito autoxestionado. Ofrecen alternativas, para a circulación de textos, edicións, información, obras de arte e instancias para a práctica artística. [www.casasrodante.medanos.net.ar](http://www.casasrodante.medanos.net.ar)

**Ramona** ([www.ramona.org.ar](http://www.ramona.org.ar)), revista de crítica artística.

**Perro Pila de Jujuy** que traballan con materiais reciclados  
E os libros-obxecto do **Álbum del universo bacterial** de Lima-Perú.

17.30-18.30 h

**Colectivo Polaqía** (Santiago de Compostela). Colectivo de historietistas galegos construído como asociación cultural e formado por doce autores: Álvaro López, Bernal, Brais Rodríguez, David Rubín, Diego Blanco, Emma Ríos, Hugo Covelo, Jose Domingo, Kike Benlloch, Luis Sendón, Roque Romero e Sergio Covelo. [www.redegalega.org/polaqia](http://www.redegalega.org/polaqia)

**A Mula** (Porto). Dende o 2004 o colectivo A Mula editou e coeditou numerosos fanzines e cómics con periodicidade bimensual. Pero, ademais do proxecto editorial, A Mula é un colectivo de novos artistas cunha linguaxe e intereses comúns que expoñen xuntos regularmente. [www.osgajosdamula.blogspot.com](http://www.osgajosdamula.blogspot.com)

18.30-20.00 h

**Discurso sin norma**. Antonio Gómez (Mérida).  
Colección de revistas experimentais de Antonio Gómez. Baixo este epígrafe reúnese un centenar de publicacións de diferentes países que abranguen dende o *mail art* ata os *Artstamp*, unha ampla mostra do seu arquivo de libros-obxecto, libros de artista e revistas ensambladas.

20.45-22.00 h

Concerto de **Igloo** (Galicia). Lonxe de artificios e concesións, Igloo respira, co seu debut homónimo, a esencia do pop máis contemporáneo conxugando agresivas guitarras e matices electrónicos. Unha proposta que pasa dos intensos momentos de lirismo melódico, despois de calquera resto de sentimentalismo, á furia dunha distorsión que constrúe densos bloques sonoros. [www.igloo.name](http://www.igloo.name)

## VENRES 4

19.00-20.00 h

**La Lata** (Albacete). Colector de obxectos artísticos que se serve dunha lata de uso alimenticio para a súa distribución. Cada serie foi realizada a man por cada artista, co cal non hai unha revista igual a outra. [www.lalata.es](http://www.lalata.es)

**La Más Bella** (Madrid). Revista de colaboracións, que cada nova edición conta co traballo de centos de creadores procedentes de todas as disciplinas artísticas, tanto plásticas como literarias, audiovisuais ou conceptuais. [www.lamasbella.org](http://www.lamasbella.org)

**Ediciones El Gaviero** (Almería). Considerar o libro como obxecto artístico por dentro e por fora, nos contidos e no envoltorio. Esta idea leva o abandono de fórmulas manidas nas que o libro ten perdido o seu valor de universo infinito, converténdose en *comida-basura* sen sentido algún. <http://www.elgaviero.com>

20.30- 21.30 h

**No es divertido ser libre si estás sólo**

Xira poética. Presentación das edicións de **Arrebato Libros** (Madrid)  
Actuacións de *El poeta más desconocido del mundo*, *La grandísima micropoetisa y practicante convulsa de la dispersión* e *El arquitecto y prestidigitador*, onde, ademais dos seus particulares postas en escena e formas de mostrar os seus poemas, os espectáculos entrelázanse e a poesía forma un continuo ao longo da actuación. [www.arrebatolibros.com](http://www.arrebatolibros.com)

## SÁBADO 6

17.00-18.30 h

**Alg-a** (Vigo). Alg-a é unha comunidade de arte e acción libre que nesta edición da feira presentará o Laboratorio Alg-a de Creación Contemporánea (Alg-a Lab), que empezará a funcionar a partir de abril en Valadares (Vigo). [www.alg-a.org](http://www.alg-a.org)

**Rui Gato-BBOX** (Lisboa). Unha estrutura de edición de vídeo, son, 3D e gráfico. Terán un laboratorio permanente na feira, que interactuará co público. Realizará ademais, desta presentación, tres concertos (xoves de 17.30-17.45 e venres de 18.45-19.00 no seu propio espazo) <http://www.ruigato.info/>

19.00-20.30 h

**Proxecto-Edición: Entrecruzar 2, escoitar.org, Espazo Documental...**

Resumo do desenvolvemento do Proxecto-Edición. As exposicións, producións, talleres... centrarase sobre todo nas publicacións e os libros de artista realizadas no marco deste proxecto no transcurso dos últimos dous anos.

